



Trámite: certificación do acordo.

D. Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 03.10.2016, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

2.- COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.

O TRLCSP, no seu art. 320.1 establece que salvo nos casos en que a competencia para contratar corresponda a unha xunta de contratación, nos procedementos abertos e restrinxidos e nos negociados con publicidade a que se refire o art. 177.1, os órganos de contratación das Administracións Públicas estarán asistidos por unha mesa de contratación, que será o órgano competente para a avaliación das ofertas. Nos procedementos negociados en que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da mesa será potestativa para o órgano de contratación.

O Real Decreto 817/2009, de desenvolvemento parcial da Lei de contratos do Sector Público, pola súa parte, engade que os membros da mesa poden designarse con carácter permanente ou de maneira específica para cada contrato. Se se trata dunha mesa permanente ou se lle atribúen funcións para unha pluralidade de contratos, a súa composición deberá de se publicar no Boletín Oficial do Estado, no da Comunidade Autónoma ou no da Provincia, segundo se trate da Administración Xeral do Estado, da autonómica ou da local.

Logo de considerar a conveniencia de ter prevista a substitución da Intervención Municipal, que debe formar parte da composición da Mesa de Contratación nas Entidades Locais, segundo establece a DA 2ª.10 do TRLCSP e, no mesmo sentido, o art. 21 do RD 817/2009, e tendo en conta que na composición publicada no Boletín Oficial da Provincia de 3 de setembro de 2015, só se prevía unha suplente, parece oportuno modificar a dita composición, no sentido de incrementar os posibles suplentes para que a Intervención Municipal poida estar presente en tódalas ocasións en que se reúna a Mesa de Contratación, feito que é necesario para a súa válida constitución de acordo co art. 21.7 do devandito RD 817/2009.

Consonte co previsto sobre publicación no RD 817/2009, procede, ao modificarse a súa composición, a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Atendendo ao exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Acordar que a modificación seguinte na composición das mesas de contratación que se celebren no Concello se axuste con carácter permanente, nos casos de procedementos de adxudicación abertos, restrinxidos e negociados con publicidade:

- Vogais:
 - Dona Blanca Vega Lorenzo (Interventora Xeral). Suplentes, pola seguinte orde: dona María Herculina Domínguez Martín (titular do órgano de xestión orzamentaria e contabilidade); dona Mónica Aldao Cid (Xefa do Servizo de Intervención), don José Francisco González Neira (Xefe de Sección de Intervención), e dona Camila Criado Fariña (Xefa de Sección de Contabilidade).

Segundo.- Acordar a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil do Contra-

tante do Concello de Pontevedra da modificación anterior na composición das Mesas de Contratación que se celebren nos procedementos de contratación abertos, restrinxidos e negociados con publicidade.

E para que conste expido a presente certificación de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Pontevedra a 03.10.2016.

Visto e Praxe

O alcalde

O concelleiro secretario

D. Miguel Anxo Fernández Lores

D. Raimundo González Carballo